

## Poemas sobre a problemática sociolingüística en Galicia: dous textos pioneiros de Manuel Rodríguez López

Xesús Alonso Montero  
Presidente da Real Academia Galega

No meu libro *O que cómpre saber da Lingua Galega*, de 1969 (1), figura un apéndice no que recollo varios poemas “demóticos” sobre o idioma galego. Trátase de poemas nos que o autor gaba a nosa lingua, non pola súa musicalidade ou por ser o código poético de Alfonso X o Sabio, senón polo feito de ser a lingua da xente popular, da xente que padece a historia. No ideario burgués esta condición –ser a lingua dos de abaixo- é un desdouro, pero no ideario dos poetas que eu escolmei no Apéndice, lonxe de ser un desdouro, é un loureiro, un timbre de gloria.

Quen, por primeira vez, na historia da poesía galega, manifestou esta concepción non burguesa, foi Curros Enríquez na estrofa 13 da súa excelsa “Introdución” a *Aires da miña terra* (1880). Con estes catro versos de ouro nacía unha nova concepción do noso idioma:

Fala dos meus avós, fala en que os parias,  
de trévoa e polvo e de sudor cubertos,  
piden á terra o grau da cor da sangue  
que ha de cebar a besta do laudemio.

A lingua galega, na consideración de Curros, é digna e nobre por ser a lingua do proletariado rural, dese estamento tan asoballado. Castelao diría, moitos anos despois, algo moi semellante: “(Ó idioma galego) abondaríalle ser a fala do pobo traballador pra estar diñificado de por si” (2).

No esencial, textos en verso coa concepción sociolingüística de Curros, non os atoparemos, na poesía galega, ata 1962, data na que Celso Emilio Ferreiro publica *Longa noite de pedra*. Ningún lector do libro, e tivo moitos, deixou de reparar no poema “Deitado fronte ó mar...”, poema do que bastantes lectores non lembran o título pero, si, o primeiro verso: “Lingua proletaria do meu pobo”. Poucos esqueceron a diatriba de Celso Emilio Ferreiro contra os “patufos desleigados” e o seu compromiso de estar á beira “dos homes bos que sofren longo / unha historia contada noutra lingua”.

Aínda que pareza un pouco estraño, pasaron algúns anos sen que os poetas invocasen as musas proletarias de Celso Emilio. Manuel María, o autor de máis poemas, reivindicativos, deste tipo, estréase nesta modalidade en 1968, seis anos despois dos celebérrimos versos de Celso Emilio. Trátase do poema “Pliego de descargo”, que comeza, ironicamente, con estes dous versos:

¿Cómo hei falar galego e deixar  
que o falen os meus fillos? (3)

Acaba de publicarse un volume que recolle trinta e catro poemas de Manuel María, ningún deles anterior a 1968: *A esencia máis nosa / Poemas sobre a Lingua Galega* (4).

Eu reproduzo, no citado Apéndice, o texto de Manuel María, e nel publico por primeira vez un poema de Darío Xohán Cabana, daquela alumno meu no Instituto de Lugo. Tiña dezasete anos e ironizaba deste xeito:

A mín gústame o castrapo,  
florido e maxestuoso  
que falan, aló por Lugo,  
os “señores de buen tono”.

Xa aquí, teño que sinalar unha lagoa do meu Apéndice: non acollo nesa “Escolma de textos “demóticos” sobre o idioma galego”, dúas composicións de Manuel Rodríguez López do libro *Poemas populares galegos*, de 1968, o seu primeiro libro en verso no noso idioma. Foi publicado en Lugo, onde eu residía, na editorial Celta, coa que eu colaboraba desde 1961. Eu aínda non trataba ó autor –residente en Barcelona- e supoño que o título me confundiu un pouco. Quizais pensei que se trataba dunha recolleita de “poemas populares”, de poemas da musa anónima e popular. De ter lido o libro daquela, na miña Escolma demótica figurarían, sen dúbida ningunha, “Xaniño” e “Castrapo”.

No primeiro, que é unha carta, o autor comunícalle a Xaniño:

Non teimei escribir pró señorito,  
nin pró rendista ni’o señor fidalgo,  
envolveito en amores,  
con forte lume e bo xantar nos pazos.  
Escribín, cheo de amor, prás nosas xentes  
que, á forza, camiñaron  
deica lonxanas, estranxeiras terras,  
en percuro de pan e de traballo.

Son versos non alleos, quizais, a aqueles de Celso Emilio:

Non falo pra os soberbios,  
non falo pra os ruís e poderosos,  
non falo pra os finchados,

non falo pra os baleiros,

(...)

Eu non podo arredar as miñas verbas  
de tódolos que sofren neste mundo.

O noso poeta, Manuel Rodríguez López, continúa:

Escribín pró labrego que inda ESPERA  
revolvendo terróns co vello arado,  
a traballar de lusco a fusco sempre,  
para comer sen compango.

E este un verso para meditar: a miseria deses labregos está extraordinariamente ben expresada no sintagma “comer sen compango”, ou sexa, non teren un pouco de touciño lardo ou unha freba de xamón ou unha fiostra de queixo para acompañar (compango) co pan, que non sería pantrigo, que sería boroa aceda ou bica resésiga.

A carta a Xaniño, que pensaba que o canto do poeta era un “canto de minorías”, finaliza:

Escribín na linguaxe adeprendida  
xunto á lareira de ña nai nos brazos.

Escribín tal cal penso,  
pra contarche mellor o noso pranto.

No poema “Castrapo”, castrapo é o castelán que falan “as señoras da vila ós seus meniños”, un castelán que, se o oísen os

burgaleses (en Burgos naceu ese idioma), chorarían. Pero o noso poeta detecta ben a táctica social desta praxe lingüística protagonizada, cos seus nenos, polas señoras da vila:

Pra distinguirse sempre  
do probe aldeano,  
interpoñen adrede  
ise valado  
entre a caste dos ricos  
e a dos escravos.

Quizais ó noso poeta váiselle un pouco a man no último verso, pero está claro que, sexan as señoras da vila esposas de poderosos ou de humildes empregados da Banca e os falantes de galego fillos dun zapateiro que non pasa fame ou dun taxista que acaba de deixar a aldea, para a “caste” dos de arriba o idioma funciona como signo de clase.

“Castrapo” é un poema longo con versos que a Sociolingüística ten que ter moi en conta aínda que haxa algúns que conveña matizar. Anterior a Darío Xohán Cabana, non posterior a Manuel María, Manuel Rodríguez López –quizais só alentado polo celeberrimo poema de Celso Emilio– escribe, emigrante en Barcelona, versos sobre a condición social do idioma galego non exentos de orixinalidade. E escribe en galego porque se identifica coa dignidade moral inherente á condición social dos falantes dese idioma. Non sei se o noso Manuel Rodríguez, cando leu a Curros Enríquez, reflexionou a fondo sobre os catro versos da estrofa 13 da “Introdución”, os versos cos que eu, en 1969, inicié unha “Escolma de textos demóticos” na que omitín os dous excelentes poemas do vello e saudoso amigo.

Sabido é que, en materia de erudición –nomeadamente de microerudición- non hai Menéndez Pelayo que non cometa un *lapsus* (ou varios). Hoxe, neste pequeno ensaio, a poesía sociolingüística de Manuel Rodríguez López ocupa o lugar a que tiña dereito en 1968, cando, en realidade, era un dos pioneiros deste tipo de poesía, un dos pioneiros de musa máis auténtica.

Notas:

1.- Buenos Aires, Editorial “Alborada” (da Federación de Sociedades Gallegas), 1969.

2.- Libro primeiro, IV, de *Sempre en Galiza*, 1944. Castelao reproduce un artigo seu publicado na revista comunista *Nueva Galicia* (12-9-1937).

3.- Do libro *Proba Documental*, Monforte de Lemos, Col. Val de Lemos, 1968.

4.- Outeiro de Rei, Fundación Manuel María de Estudos Galegos, 2015 (ed. e pról. de Xosé Ramón Freixeiro Mato).